

CENTRO DE DÍA REENCONTROS, S.L.



"Fixen un estudo sociodemográfico e económico da poboación ancián e dos seus familiares"

Pedro Roel Eiroa

Datos básicos

Actividade:	Centro de día
Sector de actividade	Servizos de limpeza, atención doméstica, terceira idade e nenos
Nº empregados	8
Inversión inicial	210.350 €
Financiamento inicial:	O investimento inicial (que se destinou fundamentalmente a rehabilitación do local, maquinaria, vehículos e mobiliario) foi financiado con fondos propios e cunha subvención pola creación de emprego estable. Na actualidade asumimos ademais a compra do local, alcanzando o investimento dos 500.000 €.
Web:	
Municipio:	Culleredo, A Coruña
Ano creación:	2003

Descrición do proxecto

Trátase dun centro de día da terceira idade, equipado con todos os adiantos técnicos e sanitarios. O local ocupa 500 m2 e contamos cun equipo sociosanitario formado por médicos, auxiliares, animadores socioculturais, terapeutas ocupacionais, servizo de limpeza e catering. Ademais temos 3.000 m2 de instalacións ao aire libre, que foron cedidas polo concello de Culleredo para o uso e goce dos anciáns do centro. Por último, contamos con varios vehículos propios de transporte adaptado.

Todos os días organizamos actividades. Temos por exemplo un programa na radio, na F.M. 101.2, que se emite todos os luns ás 12:15.

A diario, realizamos exercicios musculares no ximnasio e logo desenvolvemos actividades de lectura de prensa, noticias de televisión e xogos sociais (cartas, parchís, etc.).

Tamén a diario, o departamento de terapia ocupacional organiza eventos e actividades que favorecen a cohesión do grupo, a comunicación e a interrelación entre os seus membros e melloran aspectos como a psicomotricidade, a memoria a curto e longo prazo, a atención e a concentración, a orientación temporal e espacial, a resistencia física e o ton muscular.



Datos empresa

Claves do éxito

Unha das claves máis importantes foi un estudio previo que desenvolvín con todo o rigor posible. Mais, sobre todo, o traballo diario e a dedicación exclusiva.

Outra das claves fundamentais consiste en rodearse dun bo equipo.

E por último, a situación xeográfica. Culleredo forma parte do consorcio de concello, os máis achegados son os que máis poboación ancián albergan.

Situación actual

Na actualidade, o índice de ocupación do meu centro é do 85%.

comezamos a traballar co cheque asistencial e chámamos para adxudicarnos cinco prazas, polo que practicamente enchemos o centro.

Teño un proxecto de ampliación, aínda que necesito apoio económico para acomételo.

Perfil cliente

Non existe un perfil concreto, aínda que adoitan ser persoas a partir dos 65 anos. Nalgúns casos, non son anciáns mais sofren algunha patoloxía. Noutros casos, son persoas polimedicadas con múltiples patoloxías (Alzheimer, invalidez parcial, etc.).

En calquera caso, os nosos clientes adoitan ter algún grado de dependencia físico ou psíquico, aínda que este grao de dependencia adoita ser sempre menor ao do perfil de cliente dunha residencia.



Idea inicial

Fixen un estudo sociodemográfico e económico da poboación ancián e dos seus familiares. Atopei que na maioría dos casos, o aspecto económico era un hándicap para eles. Polo xeral, a primeira opción na que se pensa é recorrer a unha residencia, pero o custo económico é moi elevado. Ademais, non sempre é necesario pasar a noite nun centro. Nese caso, o centro de día configúrase como a alternativa máis adecuada porque ofrece os mesmos servizos que unha residencia, mais o custo é aproximadamente a metade.

Principales dificultades y amenazas futuras

As principais dificultades iniciais foron os trámites burocráticos e a procura e obtención de financiamento. Non obstante non me custou ningún esforzo captar os meus primeiros clientes.

Canto ás ameazas, non contemplo ningunha de momento. A entrada no mercado dunha grande empresa non a vexo demasiado realista. Ademais non se trata de establecer un megacentro de día senón de ofrecer unha calidade excelente.

Perfil promotores

O promotor é técnico auxiliar de enfermería. Achega ademais oito anos de experiencia como coordinador da residencia da terceira idade "La Fortaleza Gallega" na Coruña.

Aptitudes necesarias

É fundamental ser moi optimista (aínda que tamén realista), crer o que fas e ser moi constante.



Guía de Actividad

Centros de día (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta
O reto que supón**

**Dirixir persoas e organizacións
Saír do desemprego**

**A independencia que proporciona
Demostrar aos demais as miñas
capacidades
Gañar cartos
Ser o meu propio xefe**

Formación

¿Recibiui información específica sobre a creación de empresas?

Non

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

No meu caso, non me fixo falta. O proxecto desenvolvino eu só e non necesitei máis que o apoio dunha xestoría e unha persoa que leva os aspectos administrativos.

Anecdótico

Sempre se recorda o primeiro cliente. Mais no meu caso non foi un senón dous que chegaron xuntos: unha parella.

